

NÚMERO 13/17

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2017.-

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día dezanove de decembro de dous mil dezasete, reúnese o Pleno do Concello en sesión extraordinaria que se realiza en primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a Raquel Bolaño Fariñas, D^a Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Coteló, D^a María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a María Pardo Fafián, D^a María del Carmen Pose Varela, D^a Isabel Reimúndez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luis Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario acctal. da Corporación, D. Carlos Pérez González. Non asiste a sra. concelleira do grupo municipal do Partido Popular. D^a María Soraya Salorio Porral, escusando a súa asistencia por ter que acudir ao Parlamento de Galicia pola súa condición de deputada autonómica. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame do único asunto incluído na Orde do Día:

Único.- Proposta da Alcaldía de inclusión de obras e servizos no POS+ 2018.-

O sr. Tenreiro expón as actuacións que se propoñen pola Alcaldía para a súa aprobación este ano no marco da participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018" que financia a Deputación Provincial da Coruña: acondicionamento da xardinería e pavimentos no paseo marítimo e avenida do porto, por valor de 217.208,92 €; a mellora da seguridade na instalación da iluminación pública, cun orzamento de 112.037,16 €; mellora da accesibilidade a Fontán e reparación da escaleira da avenida do porto, cun investimento de 64.642,39 €; a formación dunha senda peonil e instalación de servizos na AC-163 dende a escola ata a DP7504, ao seu paso por Carnoedo, cun valor de 115.141,17 €.-

Explica tamén que o Plan ultimamente trae un préstamo cunhas condicións moi boas que están a tratar de aproveitar, e que dentro do préstamo van: a reparación e actualización das instalacións de pozos de bombeo, por valor de 138.093,54 €; a renovación da rede de abastecemento en Avda. Barrié da Maza-Prza España-Igrexa Nova (en Sada), por 53.215,42 €; e as obras de ampliación e acondicionamento da zona de xogos no CEIP Pedro Barrié de la Maza, por 70.000,00 €.-

Por último engade que aparte dentro do Plan sempre hai que propoñer unha obra que se financia coas baixas das obras, o que constitúe o Plan Complementario, no que incluíron a rehabilitación do sistema viario do polígono industrial de Coiro, Soñeiro, por valor de 232.261,85 €.-

O Presidente comeza a ofrecer a palabra aos diferentes grupos, e os voceiros dos grupos do BNG, sr. Suárez, e do PDSP, sr. Gómez, anuncian que han votar a favor.-

Toma a palabra a sra. Bolaño, polo grupo municipal socialista, quen felicita as festas e explica a postura das representantes do seu grupo, aclara que o grupo socialista propuxo dous proxectos para o POS+ 2018, relacionados coas dúas áreas delegadas que xestionan. Un dos proxectos presentados polo grupo socialista, explica a sra. Bolaño, é a reforma do parque infantil do colexio de Mondego, que si está incluído neste POS+, e que responde a unha demanda de máis dunha década tanto das familias como da dirección do centro no que se refire á reposición do caucho, un caucho que mancha, e que se aproveitou asimesmo para propoñer ampliar a zona de xogos que estase a quedar escasa.-

Continúa a sra. Bolaño explicando o outro proxecto que presentaron as socialistas, que é o de accesibilidade á praia e ao Currunchó, que entenden moi beneficioso para Sada e que di que foi moi meditado logo da escoita activa das demandas cidadás, que parte da sensibilidade que lles parece que debe ter un goberno progresista, e consensuado con asociacións directamente afectadas, como A Peneira ou ASPACE, así como coas administracións competentes, neste caso con Costas, e que responde a unha lei de accesibilidade que fixaba a data límite para que todos os espazos públicos de edificios do país tivesen accesos libres que rematou o día 4 de decembro. Porén, aclara que só son o 25% deste goberno, e aínda que conseguiron o apoio doutro 25% non poden impoñerlles ao resto do goberno todos os proxectos que consideren mellores para Sada, que era a razón que lles movía, pero que non obstante é un proxecto no que cren firmemente e polo que seguirán apostando tan pronto como sexa posible e pola vía do consenso, e pásalle a palabra á súa compañeira de grupo a sra. Pardo para que explique máis polo miúdo este proxecto, no que di que traballou duramente.-

A sra. Pardo logo de felicitar as festas di que éste sería un proxecto que lle daría un impulso económico e social a Sada e preséntase como unha concelleira permeable ás demandas da cidadanía, comentando que é por todos coñecido que este pasado verán houbo moitas queixas pola deficiente accesibilidade das praias e polo estado de abandono da área recreativa do Currunchó; demandas que non pode obviar dada a súa condición de

representante institucional das veciñas e dos veciños de Sada con responsabilidade en materia de praias. Segundo di, os especialistas na materia aconselláronlle actuar sobre o areal das Delicias, xa que os restantes areais non teñen a súa singularidade orográfica e a actuación sería máis complicada, e por iso decidiuse actuar sobre este areal das Delicias, e integrar sobre o proxecto a recuperación e posta en valor da área recreativa do Currunchos por ser este un espazo moi utilizado polas familias durante a época estival e que daría un maior atractivo á praia. A sra. Pardo describe a grandes trazos o proxecto, que califica de moi sinxelo e á vez moi ambicioso, e di que consta dunha pasarela peonil ao longo do areal que dotaría de mobilidade ás persoas con distintas capacidades que fosen usuarias da praia e que teñen o mesmo dereito que o resto da poboación a moverse por toda a extensión do areal e a desfrutar de todos os servizos relacionados coa praia (unha caseta de salvamento de socorrismo, un baño adaptado, casetas-cambiador para persoas con mobilidade reducida, zona de sombra e aparcadoiro de cadeiras de rodas e área recreativa do Currunchos); di que sería a primeira praia accesible urbana de Galicia, e remata salientando que está moi ben o outorgamento de distincións, aludindo á Medalla do Municipio de Sada, na súa categoría de ouro, concedida o pasado 30 de novembro á entidade ASPACE, e que se lle entregará o vindeiro 29 de decembro, pero que coida que tamén é moi importante escoitar as súas demandas e que por iso tiña sentido este proxecto que por terse promovido por un grupo que representa tan só un 25% do goberno non foi posible traelo para a súa aprobación agora.-

A sra. Bolaño toma a palabra para puntualizar que entenderon que a Corporación merecía a explicación de por que defendían o proxecto e que malia que as obras son cuestión de criterio nunca han dicir que non a un investimento para Sada, e aclara que o grupo municipal socialista é parte nas outras propostas que van no POS+ 2018 como grupo de goberno que son, e que consideran tamén moi necesarias, e remata anunciando que han votar a favor da aprobación da proposta do POS+ 2018.-

O voceiro do grupo municipal Sadamaioría, sr. Montouto, anuncia que o seu grupo tamén ha votar a favor.-

Toma a palabra o sr. Anido polo grupo municipal do Partido Popular, quen logo de felicitar tamén as festas do Nadal defende o papel que lle corresponde ao seu grupo na oposición, onde di que os situou a veciñanza, e efectúa algúns reproches, indicando en primeiro lugar que éste deba ser un Pleno ordinario adiantado, respectando nestas datas os días libres para todos, como se ten feito moitísimas veces; en segundo lugar, que mañá é o último día para a transmisión de toda a información á Deputación (proxectos, etc.); e, en terceiro lugar, indicando que o Alcalde ten cuestionado se eles tiveran adiantado sesións dos Plenos, di que si o fixeron, e nomeadamente exténdese no da data do 19 de decembro de 2013, no que di que se produxo a falsa baixa médica do sr. Rodríguez Ares, do PDSP, como consecuencia da súa decisión de cesalo das súas responsabilidades políticas.-

Logo de facer referencia á lectura efectuada polo sr. Tenreiro sobre o POS+ 2018, aféalle ao Presidente que presuma de consenso, de diálogo, de acordo, de transparencia cando di que non os chamou nin unha soa vez para algo tan importante como a aprobación dun investimento para Sada de oitocentos trinta e pico mil euros do POS, do Plan de Obras e Servizos da Deputación, e expresa a súa coincidencia coa voceira do grupo municipal socialista en que eles tampouco o han poñer en risco, entendendo que sería a primeira vez na Historia en que non se aprobara un POS por parte dunha Corporación dun municipio, aínda que outra cousa é que aproben a xestión ou os expedientes que se traen aquí, que afirma que teñen moito que discutir.-

O sr. Anido continúa facendo referencia ás diferencias tamén nas formas, poñendo para o exemplo o seu último POS (de cando era el o Alcalde), do 2014 (exhibe un documento que identifica como a acta), indicando que cando gobernaban en *flagrante minoría*, como lles dicían entón, conseguían aprobar non obstante o Plan de Obras e Servizos por unanimidade, e queixase en definitiva de que se excluíse ao grupo municipal do Partido Popular, que di que representa el só o 40%, fronte á sociedade de goberno do 60%, sen motivo aparente que o poidese xustificar, e que deba explicarse, xa que considera que teñen dereito a manifestarse e efectuar as súas achegas de propostas de obras, e que sempre están dispostos a falar.-

Expresa que nunha visión global do expediente, todas as obras son necesarias, todas as obras son boas, aínda que unhas son máis prioritarias que outras ao seu entender.-

Reprocha tamén que se teña convocado o Pleno antes de terse realizado a correspondente sesión da Comisión Informativa, e sobre todo que un expediente tan importante como de 836.000 euros careza de informes de Intervención, de Secretaría, informes sectoriais, que en definitiva non teña absolutamente nada, o que entende que terá que explicarse.-

Apunta unha coincidencia que segundo di dáse en todos os proxectos que se traen ao Pleno, que é que ningún deles respecta a Lei de contratación da Administración, e que todos teñen en común a dixitalización, é dicir, que están adxudicados a dedo, e que por cousas moitísimo menos graves escribíronse páxinas da corrupción sobre o seu goberno. Tamén di que teñen en común ser obras de acondicionamento, de mantemento ou reparación, pero que non hai nin un só proxecto que sexa capaz de cambiar Sada. Noutros di que non se

xustifica a ocupación de distintos espazos ou se fose necesario ou non un plan especial. Outros afirma que non dispoñen dun informe de viabilidade, que consideran que é necesario e por onde había que comezar en proxectos de importante contía e que ocupan algúns deles parcelas, espazos ou terreos de varios propietarios, entre eles o Estado ou a Axencia de Infraestruturas de Galicia, que ao non haber ningún certificado da dispoñibilidade necesaria deses terreos fai que se vaian aprobar proxectos que están totalmente en precario.-

Fai un reproche ao grupo municipal socialista por defender o que non se vai facer, e segundo di deberan explicar a realidade deste tema, o motivo de por qué non se vai facer e o motivo de atreverse a anunciarla na prensa aos sadenses para logo dicir que se vai adiar a dita obra que tamén eles consideran necesaria, como é o da accesibilidade da praia das Delicias.-

Tamén di que lles causa sorpresa o proxecto das escaleiras de Fontán, que di que leva xa tempo dando voltas, e que entenden que debera ser Portos quen amañase as ditas escaleiras baseándose mesmo en compromisos anteriores da Xunta anunciados na prensa meses atrás.-

Fai un resumo da súa crítica dicindo que vense aprobar proxectos que sen dúbida están incompletos; proxectos que non teñen xustificación; proxectos que non dispoñen de terreos (falta na dispoñibilidade), que non teñen estudo de viabilidade; proxectos sen informes sectoriais; e proxectos que non teñen nin un só informe municipal. Di que cando el era o Alcalde se lle esixía e esixíase a si mesmo contar con todos os expedientes, porque segundo di o que non pode ser é que se traían ao Pleno os expedientes sen ningún tipo de informes, entendendo que isto ven a ser o habitual na xestión actual.-

Di que o seu voto non vai poñer en risco baixo ningún concepto o Plan de Obras e Servizos, e pídelles á voceira do grupo municipal socialista que sexa valente, aínda que sen poñer en risco este investimento, explicando o fondo ou o transfondo de por que non vai (no POS) ese proxecto que tiñan anunciado (o de accesibilidade á praia e ao Currunchos), tendo que se desdicir do que dixeran, recoñecéndolle a súa valentía en especial cando no seu día foi a única que votou en contra dunha proposta que califica de estrela do grupo municipal do sr. Rodríguez Ares (PDSP) no seu mandato (2011-2015) para quitarlle o soldo ao Alcalde, o que lle agradece di que non por el senón pola Institución, e insiste en que sexa valente para explicar as condicións desta negociación e quen vai apoiar estes proxectos, pois di que teme que mande máis o sr. Rodríguez Ares que todos eles xuntos.-

O sr. Anido remata anunciando que o voto do seu grupo será a abstención.-

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría absoluta, con dez votos a favor, dos concelleiros dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG, e seis abstencións, dos concelleiros do grupo do PP, o seguinte acordo:

1º.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	2.738,28 €	0	2.738,28 €
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Subtotal pago a provedores	2.738,28	0	2.738,28 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	83.661,93
Subtotal gasto corrente	83.661,93

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Acondicionamento da xardineira e pavimentación no Paseo Marítimo e Avda. Do Porto	217.208,92 €	0,00 €	217.208,92 €
Subtotal investimentos achega provincial 2018	217.208,92 €	0,00 €	217.208,92 €

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos “financeiramente sostibles”)		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora da seguridade en instalación de iluminación pública	165	112.037,16 €	0,00 €	112.037,16 €
Mellora da accesibilidade a Fontán e reparación da escaleira da Avda. Do Porto, Sada	153	64.642,39 €	0,00 €	64.642,39 €
Formación de senda peonil e instalación de servizos na AC-163 dende a Escola até a DP7504, ao seu paso por Carnoedo	453	115.141,17 €	0,00 €	115.141,17 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017		291.820,72 €	0,00 €	291.820,72 €
PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración		Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Reparación e actualización das instalacións de pozos de bombeo		138.093,54 €	0,00 €	138.093,54 €
Renovación da rede de abastecemento en Avda. Barrié da Maza-Praza España-Igrexa Nova. Sada		53.215,42 €	0,00 €	53.215,42 €
Obras de ampliación e acondicionamento da zona de xogos do CEIP Pedro Barrié da Maza		70.000,00 €	0,00 €	70.000,00 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018		261.308,96 €	0,00 €	261.308,96 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
-	-
Subtotal redacción proxectos	

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
-	-
Subtotal achega municipal 2018	
Denominación do investimento “financeiramente sostible” doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017	Deputación
Denominación	Grupo de programa
-	-
Subtotal achega municipal 2017	

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2018” aplicado á redución da débeda
-	-	-
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		-

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	2.738,28 €		2.738,28 €
	Achega 2018	0		0

B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	83.661,93 €		83.661,93 €
C- INVERSIONES	Achega 2018	217.208,92 €	0,00 €	217.208,92 €
	Achega 2017	291.820,72 €	0,00 €	291.820,72 €
	Préstamo 2018	0	0	0
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	0		0
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	0		0
	Achega 2017	0		0
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	0		0
TOTAL	Achega 2018	300.870,85 €	0,00 €	300.870,85 €
	Achega 2017	294.559,00 €	0,00 €	294.559,00 €
	Préstamo 2018	261.308,96 €	0,00 €	261.308,96 €
	TOTAL	856.738,81 €	0,00 €	856.738,81 €

2º.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Rehabilitación do sistema viario do polígono industrial de Coiro. Soñeiro	153	232.261,85 €
TOTAIS		232.261,85 €

3º.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.-

4º.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.-

5º.- Solicitar da Deputación Provincial de A Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.-

6º.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.-

7º.- Autorízase á Deputación Provincial de A Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.-

8º.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e o correspondente expediente.-

O Presidente agradece expresamente ao grupo municipal do PP o cambio de sentido do seu voto, que fora abstención, e que non votasen en contra dos proxectos, como afirma que adoitan facer, expresa que espera que sexa unha dinámica de mellora a partires de agora e felicita o Nadal e o Aninovo a toda a cidadanía de Sada.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte horas e vinte e dous minutos do día ao comezo indicado, a Presidencia levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario acctal., dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario acctal. que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-